

## INFORMACIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO E AS AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR E LIBROS

### CURSO ESCOLAR 2019/2020

*ORDE do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/20 (código de procedemento ED330B).*

O lugar e prazo de presentación da solicitude que adxuntamos será no colexio do 21 de maio ao 21 de xuño.

**A solicitude será única para todos os fillos e todas as axudas.**

#### Documentación a entregar:

- Solicitude debidamente cuberta e asinada.
- Copia do libro de familia **onde figuren todos os membros da unidade familiar.**
- No caso de discapacidade, certificación.
- No caso de separación ou divorcio, sentenza e convenio regulador.

Será requisito para acollerse a esta convocatoria ter devolto os libros de texto adquiridos coas axudas de curso 2018/2019, agás 1º e 2º de Primaria, por ser libros non suxeitos a devolución.

#### AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:

- Para os alumnos de 1º e 2º de Primaria.
- As cantidades a percibir serán marcadas pola renda da unidade familiar.
  - Alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5400 €
    - Vale por valor de 170 €
  - Alumnado con renda per cápita superior a 5400 € e igual ou inferior a 9000 €
    - Vale por valor de 90 €
- A aplicación xerará un vale que será entregado á familia para adquirir os libros de texto e será asinado no momento da recepción do material. Se o importe da venda fose superior ao do vale, a diferenza será aboada polo solicitante.

#### AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR

- Están destinadas para alumnado de Ed. Primaria e ESO.
- A cantidade a percibir será de 50€. Será concedida ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400 €
- A aplicación xerará un vale que será entregado á familia para adquirir o material escolar e será asinado no momento da recepción do material. Se o importe da venda fose superior ao do vale, a diferenza será aboada polo solicitante.

#### FONDO SOLIDARIO

- Destinado ao alumnado matriculado en 4º e 6º de Ed. Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO (cursos nos que se manterán os libros de texto).
- A asignación de libros de textos farase da seguinte maneira:
  - ✓ O alumnado que participe no fondo, por orde inversa á renda per cápita familiar ata esgotar existencias.
  - ✓ Esgotados os libros, o centro docente adquirirá os libros que sexan necesarios para garantir:
    - Ao alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5400 € - 6 libros
    - Ao alumnado con renda per cápita superior a 5400 € e igual ou inferior a 9000 € - 4 libros.
- Listaxes provisionais: 11 de Xullo (haberá 2 días para reclamacións)
- Listaxes definitivas: 19 de Xullo.
- Entrega dos libros: farase ao inicio de curso.

## **ACLARACIÓNS**

Enténdese por renda per cápita, a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2017 dividida entre o número de membros computables. Computan por 2 os membros de unidades familiares cunha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente (total, absoluta ou gran invalidez) ou ter recoñecida a candición de pensionista.

Para o cálculo da renda, terase en conta a declaración da renda do exercicio fiscal do 2017 para iso, sumaranse os recadros 415 e 435 da citada declaración. No caso de non presentar declaración da renda, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio de 2019.

## **OBRIGAS**

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario ou de axudas para libros terán as seguintes obrigas:

- Devolver os libros de texto adquiridos coas axudas para libros ao fondo solidario no curso 2018/19 (excluídos os de 1º e 2º de EP). A falta de devolución será causa de exclusión da participación nas axudas, fondo ou material no curso 2019/20.
- Conservar en bo estado os libros de texto adquiridos coas axudas no curso 2018/19 e devolvelos ao rematar.
- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro e o material escolar que necesite.